



Anexo I

Acordo entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e as organizacións sindicais presentes na Mesa xeral de Empregados Públicos polo que se establecen as condicións laborais dos postos de Xestor/a de Emprego e de Técnico/a de Orientación e Prospección Laboral das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia

A principal novidade da proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración (EM-2025-001-M) é a reestruturación do Servizo Público de Emprego de Galicia, e máis concretamente das oficinas de emprego, que como se indica no artigo 68.3 do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, son unidades de xestión e atención personalizada ás persoas e empresas da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu instrumento de acceso á carteira de servizos do Sistema Nacional de Emprego, que ten como obxectivo mellorar a empregabilidade das persoas demandantes, facilitar o acceso ao emprego e promover a cobertura das necesidades laborais do sistema produtivo.

Co devandito obxectivo ofrecen, entre outros, os seguintes servizos:

- a) Rexistro e clasificación das persoas demandantes de emprego.
- b) Información e xestión das ofertas e programas de formación para o emprego.
- c) Xestión e difusión das ofertas de emprego.
- d) Orientación laboral.
- e) Comunicación da contratación laboral.

Esta diversidade e especialidade funcional, engloba unha ampla casuística que require unhas competencias específicas tanto do persoal como da dirección, xa que poden tratar materias tan diferentes como a verificación do acceso ao mercado de traballo dunha persoa estranxeira para determinar a posibilidade ou non da súa inscrición como demandante de emprego, a validación do acceso de persoas demandantes a accións formativas conducentes á obtención de certificados profesionais analizando a súa titulación habilitante segundo a normativa vixente, a tramitación de ofertas de emprego previa comprobación de que non incumpre a legalidade vixente en materia laboral, o coñecemento das tipoloxías e incentivos de contratación para realizar as tarefas tanto de prospección empresarial como de información xeral a persoas demandantes e entidades empregadoras e o dominio de diferentes ámbitos multidisciplinares para a realización das tarefas de orientación laboral, así como a capacidade para realizar perfilados competenciais.

En definitiva tratase de postos de traballo que requiren especialización e coñecemento das materias que lle son propias e que como se indica, teñen grande repercusión directa na



ciudadanía, nun colectivo especialmente sensible como é o dos demandantes de emprego, polo que a estabilidade no emprego é factor fundamental para mellorar este servizo.

Para a prestación destes servizos, as oficinas de emprego, moi diferentes entre si tanto pola súa dimensión e actividade como pola súa ubicación e radio de influencia, contan actualmente con numerosos postos de traballo vacantes, xa que están dispersos en distintas localidades do territorio galego e en moitos casos son postos base, de escasa demanda para os empregados públicos, polo que son cubertos temporalmente ma maioría dos casos por persoal interino, o que dificulta a necesaria especialización.

Así pois, co fin de lograr unha ordenación das oficinas de emprego o máis homoxénea posible e co obxectivo de mellorar a prestación de servizos nas mesmas, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración propón a creación dun modelo único de oficina de emprego que se irá implantando progresivamente nas 53 oficinas de emprego distribuídas por toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Este novo modelo de oficina de emprego contará cos seguintes postos:

- Os/as Directores/as das oficinas de emprego

Pasarían a ser de nivel 26 e nivel 25 e provisión a través de concurso específico tanto da escala superior e técnica de orientación laboral como dos corpos xerais, homoxeneizando os niveis existentes. A diferenza de nivel do director/a vén determinada polo número de persoas demandantes de emprego que xestionan as oficinas. Os directores de oficina, que a tiñan atribuída, deixan de desenvolver a función de coordinación que pasa a depender de servizos centrais.

- Os/as Xestores/as de Emprego

Postos de nova creación, que engloban todos os postos de corpos xerais das oficinas de emprego, aos que se lles asigna o nivel 20 de complemento de destino e que estarán abertos aos grupos A2, C1 e C2, co fin de acadar a necesaria estabilidade no emprego.

As funcións dos postos de xestor/a de emprego son as seguintes:

1.- Xestión da demanda de emprego das persoas usuarias:

- Rexistro inicial e rexistros posteriores no sistema de información de emprego.
- Actualización e cambios de situación das demandas de emprego.
- Xestión de informes relacionados coa demanda de emprego.
- Información e xestión dos servizos que ofrece o SPEG.

2.- Xestión das ofertas de emprego

- Tramitación das ofertas de emprego (registro, publicación, busca e envío de candidaturas, seguimento, peche e demais procesos dentro da tramitación).



- Xestión de informes relacionados coas ofertas de emprego.
 - Información e xestión das dúbidas das persoas usuarias e entidades empregadoras sobre as ofertas e os seus procesos e canles para a xestión.
- 3.- Xestión da formación para o emprego
- Información sobre cursos dispoñibles e requisitos de acceso.
 - Coordinación e contacto coas entidades formadoras, xestión do procedemento de selección de alumnado para a realización de accións formativas, programas integrados de emprego, obradoiros de emprego, e outros programas destinados a favorecer a inserción laboral.
 - Aprobación das actas de selección.
 - Información e xestión das dúbidas das persoas usuarias e entidades colaboradoras.
- 4.- Xestión das solicitudes, dúbidas e incidencias en relación aos contratos de traballo e á comunicación da contratación que sexan competencia das oficinas de emprego: solicitudes de copias da comunicación da contratación, autorizacións, correccións, anulacións e outras.
- 5.- Atención e asesoramento administrativo á cidadanía
- Información sobre dereitos e obrigas como persoas demandantes de emprego.
 - Información sobre o mercado laboral.
 - Derivación a outros servizos especializados (orientación, autoemprego, etc.).
 - Xestión das solicitudes dirixidas á oficina de emprego a través das canles admitidas e habilitadas ás persoas e entidades usuarias.
- 6.- Xestión do inicio, control e seguimento dos trámites e procedementos da competencia da oficina de emprego, con especial atención ao procedemento sancionador.
- 7.- Soporte administrativo na xestión da oficina de emprego.
- 8.- Calquera outra función de contido análogo ou relacionada coas anteriores.
- Os/as Técnicos/as de orientación e prospección laboral

A Lei 7/2019, de 23 decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificou a disposición adicional oitava da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia creando a Escala Técnica de Orientación Laboral (subgrupo A2) de Orientación Laboral.

Por Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 1 de decembro de 2022, modificouse a relación de postos de traballo da entón denominada Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade. O dito Acordo foi publicado por Resolución da Consellería de Facenda e Administración Pública no Diario Oficial de Galicia núm. 236 do 14 de decembro de 2022, creando 130 postos nas oficinas de emprego.



Neste contexto propónse a suba dos niveis de todos os postos de Técnico/a de Orientación e Prospección Laboral, subgrupo A2, que pasan de nivel 18 a nivel 20, equiparando así o nivel aos postos de Xestor/a de Emprego, de corpos xerais, que tamén serán postos de nivel 20.

Reclasifícanse os 130 postos de Técnico/a de Orientación e Prospección Laboral por igual por ser unha modificación homoxénea e integral que afecta a todos os postos.

- Os/as Subalternos/as de oficinas de emprego:

Postos con nivel 10 ou con nivel 12, nas oficinas con director nivel 26 ou nas que estea previsto que teñan este nivel, para dar resposta ás necesidades deste tipo de oficinas nas que existe un maior volume de demandantes de emprego.

Así mesmo, e como reforzo a este modelo de oficina, créanse na nova RPT da consellería catro coordinadores das oficinas de emprego, un por provincia, adscritos á Subdirección Xeral do Servizo Público de Emprego de Galicia, que veñen a asumir as funcións de coordinación que ata o de agora desempeñan determinados directores de oficina, respecto das oficinas do departamento territorial, buscando así un novo sistema para lograr unificar criterios á hora de resolver incidencias ante a ampla casuística tratada no día a día das oficinas de emprego.

Así pois, este novo modelo de oficina ata aquí exposto supón unha modificación/mellora das condicións do persoal adscrito ás mesmas, especialmente dos postos de nova creación (Xestores/as de Emprego) e dos postos obxecto de reclasificación (Técnicos/as de Orientación e Prospección Laboral) polo que se fai necesario regular as condicións laborais destes. Así mesmo, e tendo en conta que unha parte dos postos das oficinas non poden ser modificados neste momento ao estar ocupados actualmente por funcionarios de carreira en destino definitivo, é igualmente necesario regular os prazos en que se irán levando a cabo as amortizacións, modificacións e creacións de novos postos precisas ata acadar o novo modelo proposto en todas as oficinas de emprego.

En consecuencia, logo da negociación coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Empregados Públicos, cos informes da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e da Dirección Xeral da Emprego Público e Administración de Persoal e por proposta da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, apróbase o acordo polo que se establecen as condicións laborais do persoal empregado público que presta os seus servizos nas oficinas de emprego que se desenvolverá conforme ás seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto

O presente acordo ten por obxecto establecer as condicións laborais do persoal empregado público que presta os seus servizos nas oficinas de emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración nos postos de "Xestor/a de Emprego" e "Técnico/a de Orientación e Prospección Laboral".



Segunda. *Ámbito de aplicación*

Este acordo será de aplicación ao persoal empregado público que ocupe un posto que figure coa denominación de "Xestor/a de Emprego" ou "Técnico/a de Orientación e Prospección Laboral" na Relación de Postos de Traballo (RPT) da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e que teña como centro de destino unha oficina de emprego.

Terceira. *Fases da remodelación das oficinas de emprego*

A remodelación das oficinas de emprego fai necesaria a modificación dos seus postos, de acordo co disposto na introdución deste acordo, coa finalidade de dotalas do tipo de persoal necesario para unha mellor prestación do servizo e facer os postos máis atractivos dentro da carreira profesional do persoal que pode optar a eles. Esta remodelación vaise a acometer en varias fases:

Primeira Fase. Ano 2025

Para iniciar a implantación do modelo de oficina exposto, na actual modificación da RPT da Consellería, que se está a tramitar, propónse:

- A homoxeneización dos postos de director/a das oficinas de emprego que se atopan vacantes ao nivel 26 ou 25, segundo corresponda.
- A amortización de todos os postos vacantes adscritos ás oficinas de emprego correspondentes aos corpos de administración xeral, subgrupos A1, A2, C1 e C2 co fin de crear postos de "xestores/as de emprego" (nivel 20), que substituirían a todos os postos de corpos xerais das oficinas de emprego cun nivel igual ou inferior ao dos xestores de emprego e que estarían abertos aos subgrupos A2, C1 e C2.
- A reclasificación dos 130 postos de Técnico/a de Orientación e Prospección Laboral das oficinas de emprego do nivel 18 ao nivel 20.
- A amortización dos postos da Agrupación Profesional de persoal subalterno de nivel 10, co fin de crear postos de "subalterno/a de oficina de emprego", nivel 12, nas oficinas con director nivel 26.

Nesta primeira fase se manteñen nas oficinas de emprego aqueles postos, pertencentes aos subgrupos A2, C1 e C2, ocupados con carácter definitivo por funcionarios de carreira ou afectados por procesos de consolidación ou estabilización en curso.

Segunda Fase. Ano 2026

Unha vez finalizados o concurso ordinario para a provisión de postos de traballo vacantes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as tomas de posesión dos procesos selectivos pendentes de adxudicación de destino definitivo así como os procesos de



estabilización derivados da Lei 20/21, de Estabilidade no Emprego Público, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a que a dotación orzamentaria de todas as prazas que queden vacantes nas oficinas de emprego logo da resolución destes procesos se destine a financiar a creación de novas prazas de "Xestor de Emprego", con nivel 20 de destino, para homoxeneizar as prazas de todas as oficinas.

Terceira Fase. Anos 2027-2030

Nesta terceira fase, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a que a dotación orzamentaria de todas as prazas que queden vacantes nas oficinas de emprego durante os próximos catro anos e que non foran obxecto de modificación nas fases anteriores se destine a financiar a creación de novas prazas de "Xestor de Emprego", con nivel 20 de destino, ata completar a homoxeneización das prazas de todas as oficinas.

Así mesmo, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese durante todas as fases da remodelación a continuar coa modificación dos niveis dos postos de director/a das oficinas de emprego (niveis 26 e 25) ata a súa completa homoxeneización.

As partes acordan que nas distintas fases de remodelación das oficinas de emprego se dará prioridade ás oficinas daquelas provincias que tiveron menos creación de prazas inicialmente, co fin de completar antes o persoal das oficinas máis pequenas.

Quinta. Comisión de seguimento

As partes asinantes comprométese a constituir unha comisión de seguimento que asegure o bo fin e cumprimento deste acordo.

Pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración
O secretario xeral técnico

Joaquín Macho Canales

Polas organizacións sindicais:

CIG

CSIF-Galicia

SEPGA

CCOO



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

UGT-Galicia

